

CRÓNICA PARLAMENTARIA. BALANCE DA III LEGISLATURA (1989-1993)

X.A. Sarmiento Méndez
Letrado do Parlamento de Galicia

I.- ANTECEDENTES

O obxecto da presente crónica parlamentaria é o de tratar de dar conta das actividades desenvolvidas polo Parlamento de Galicia no período obxecto da análise, obxectivo este que debe ser matizado en relación co tratamento que pode dárselle. En primeiro lugar non se pode tentar facer nun traballo destas dimensións un estudio tan pormenorizado como o que veñen facendo as administracións parlamentarias das distintas cámaras do noso contorno baixo a denominación de «Memoria» (1).

Este tipo de publicacións contén unha análise pormenorizada de aspectos estáticos (elección e composición dos órganos parlamentarios) e dinámicos (análise das distintas funcións da Cámara parlamentaria), así como outro tipo de actividades realizadas pola Administración parlamentaria nas súas dimensións política, representativa e administrativa.

Por outra banda, vén sendo habitual na doutrina constitucional, seguindo a tradición alemana, a realización de estudos de rendemento institucional. Este tipo de análises tentan avaliar comparativamente a actividade das cámaras parlamentarias facendo un estudio pormenorizado, non exento de valoracións político-xurídicas (2).

(1) Vid. por exemplo a Memoria da III lexislatura do Congreso dos Deputados. Madrid 1990, Publicacións do Congreso dos Deputados. Edición preparada por Manuel Gonzalo, director de Estudos e Documentación.

(2) Deixando a un lado aquí os estudos feitos pola Unión interparlamentaria, son de grande interese no noso contorno os realizados pola Fundación CARLES PI SUNYER D'ESTUDIS AUTONÓMIS I LOCAIS, baixo o título INFORME PI Y SUNYER sobre as Comunidades Autónomas. Editorial Civitas.

Resulta conveniente tamén advertir da existencia de estudos puntuais acerca da actividade parlamentaria por períodos de sesións, ó ser este un tracto temporal máis axeitado para facer unha avaliación matizada da actividade dos distintos órganos parlamentarios (3).

Procederáse entón nas seguintes liñas a dar conta das actividades da III lexislatura no Parlamento de Galicia, cun tratamento singularizado da actividade lexislativa, da cal se referirá un balance comparativo respecto doutras comunidades autónomas, referidas neste caso, de forma exclusiva, ó ano 1992.

II.- ACTIVIDADE NON LEXISLATIVA DA III LEXISLATURA

A) Procedementos electivos.

Froito dos contidos constitucionais e estatutarios, o Parlamento de Galicia procedeu ó inicio da súa III lexislatura á elección, a través do procedemento previsto no art. 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, á investidura do presidente do Goberno da Comunidade Autónoma, cargo que recaeu no Excmo. Sr. D. Don Manuel Fraga Iribarne.

Ó longo desta III lexislatura non tiveron lugar as prescricións contidas no Regulamento da Cámara (arts. 137 a 139), referidas á posible tramitación de mocións de censura ou formulación de cuestións de confianza do presidente da Comunidade Autónoma.

O Parlamento galego, no exercicio das competencias que ten atribuídas no art. 10. c) do Estatuto de Autonomía, e nas prescricións concordantes do Regulamento do Parlamento, procedeu a designar ós senadores representantes da Comunidade Autónoma galega, de acordo co previsto no art. 69, apdo. 5, da Constitución, designación feita de xeito

(3) Referido ó Parlamento de Galicia, vid., entre outros: *Revista Xurídica Galega*, núms. 0 a 5, anos 1992-1993, Sección parlamentaria, por José Ramón Cólera Leirado; *Revista DEREITO* da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, vols. 1 e 2, anos 1992-1993, Sección crónica parlamentaria, por Francisco Caamaño Domínguez e José Antonio Sarmiento Méndez; *Revista de las Cortes Generales*, núm. 22, ano 1991, por José Antonio Sarmiento Méndez; *Boletín informativo* nº 2 da Asociación Xusticia e Sociedade de Galicia, xullo de 1991, por José Antonio Sarmiento Méndez.

proporcional en relación coas distintas forzas políticas existentes no Parlamento de Galicia, que deu como resultado dous senadores do Grupo Parlamentario Popular e un do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

De igual xeito, o Parlamento procedeu a designar ós membros de dúas institucións previstas estatutariamente e que non foron cubertas nas anteriores lexislaturas autonómicas. Estamos falar da institución do Valedor do Pobo, prevista no art. 14 EAG, recaendo o cargo no Excmo. Sr. D. José Cora Rodríguez, e, por outra banda, do Consello de Contas de Galicia, previsto no art. 53.2 EAG, composto dun conselleiro maior, o Excmo. Sr. D. Carlos Otero Díaz, e catro conselleiros de contas.

Neste mesmo gran grupo de procedementos deben incluírse as actuacións parlamentarias dirixidas á renovación dos órganos dependentes do Pleno do Parlamento ou das súas Comisións. Deste xeito procedeuse á renovación parlamentaria dos órganos do Consello de Administración da CRTVG (Compañía de Radio Televisión de Galicia), de acordo cos criterios tomados pola Mesa e Xunta de Portavoces na lexislatura anterior e pola Deputación Permanente o 22 de xaneiro de 1985. Tamén se produciu a elección de seis membros, representantes no Consello Social da Universidade, de conformidade co acordo da Mesa do Parlamento do 9 de xuño de 1987.

B) Procedementos de información.

Os artigos 143 e 144 do Regulamento do Parlamento de Galicia regulan, integrando o capítulo 3 do título VIII, as informacións da Xunta de Galicia. Son as que na técnica parlamentaria se denominan **sesións informativas**, que poden ter lugar tanto no Pleno coma no seo das distintas comisións parlamentarias. As sesións informativas tramitadas no Pleno da Cámara, conforme ó previsto no art. 144 do Regulamento, sumaron un total de 34, mentres ascenderon a un número de 192 aquelas nas que a rendición de contas, por parte dos membros da Xunta, tivo lugar ante unha Comisión parlamentaria. É destacable esta diferenza cuantitativa por canto, debido ós preceptos parlamentarios xa citados, nas sesións informativas tramitadas en Comisión pode informar calquera membro da

Xunta, entendido en sentido amplo, comprendendo tamén os distintos directores xerais e secretarios xerais das consellerías.

Unha relevancia política moi especial teñen as interpelacións parlamentarias, que segundo o artigo 148, apdo. 1º, do Regulamento do Parlamento de Galicia deben versar sobre motivos ou propósitos de actuación do executivo ou das consellerías en materia de política xeral ou en cuestións de acentuada relevancia. Como é ben sabido, estes instrumentos parlamentarios tramítanse exclusivamente no seo do Pleno da Cámara. No período lexislativo que nos ocupa foron presentadas un total de 247 interpelacións, das que resultaron tramitadas un total de 143. Estes datos analizados e detallados nos distintos anos das lexislaturas ilústrannos acerca dunha maior utilización das interpelacións como procedemento de información nos períodos de comezo de lexislatura (por exemplo, no ano 1990 presentáronse un centenar de interpelacións parlamentarias).

As preguntas parlamentarias son, na súa triple dimensión de preguntas orais en Pleno, orais en Comisión e con resposta escrita, un dos instrumentos parlamentarios máis utilizados polos deputados do Parlamento de Galicia. A simple mención cuantitativa do total de iniciativas desta clase presentadas (1.758) dá a entender a utilidade desta vía para que os deputados obteñan, de xeito individual, a información que necesitan para a súa actividade de control. Como resulta coherente co sistema de comisións instaurado no Parlamento de Galicia, a meirande parte das preguntas parlamentarias foron tramitadas no seo das distintas comisións de control, quedando un total de 207 para a súa tramitación oral no Pleno da Cámara. É chamativo tamén o dato da inxente cantidade de preguntas presentadas que ó remate da lexislatura decaeron por falla de tramitación (ó redor de 600).

C) Procedementos de dirección e impulso.

Dentro deste grupo de actividades parlamentarias teñen unha relevancia destacada os **debates xerais**, dos que se celebraron tres ó longo da III lexislatura. Os restantes debates que teñen lugar no seo da Cámara son froito da presentación de comunicacións, plans ou programas por parte da Xunta de Galicia.

O art. 140 do Regulamento do Parlamento de Galicia permite a tramitación de **comunicacións** da Xunta, que poderán producirse tanto en Pleno coma en Comisión, describindo o procedemento para a súa tramitación. Nesta lexislatura tivo lugar a tramitación da comunicación da Xunta de Galicia sobre a Administración única na Comunidade Autónoma (publicada no BOPG nº 338, do 17 de novembro de 1992, debatida en sesión plenaria celebrada o 18 de novembro dese mesmo ano).

No tocante á tramitación dos **programas e plans** remitidos pola Xunta, debe subliñarse que estes acadaron un total de seis. A tramitación destes plans e programas produciuse maiormente no seo das comisións parlamentarias (4), fronte a un total de dúas que tiveron lugar no Pleno da Cámara. Destacan entre estes plans e programas o referido á celebración do Ano Santo 1993, o Plan Cuadrienial de Vivenda e Solo, e o Plan Forestal de Galicia, que deu lugar á creación dunha comisión non permanente para o seguimento da súa execución.

Punte e á parte merece referencia a tramitación no seo da Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Plan Económico e Social de Galicia, marco inevitable de referencia dos programas presupostarios anuais contidos nas leis de presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

Unha das vías máis utilizadas polos grupos parlamentarios para impulsar e dirixir a acción do Goberno da Xunta de Galicia son as **proposicións non de lei**. Este tipo de iniciativas tramítanse tanto en Pleno coma en comisións parlamentarias, se ben é neste último onde ten lugar o substanciamento da inmensa maioría das proposicións desta clase. Ó longo da III lexislatura tramitáronse 111 proposicións non de lei en Pleno e 579 en Comisión, destacando o alto número de proposicións non de lei tramitadas en relación co total das presentadas, o que ilustra ben ás claras a maior utilidade das comisións parlamentarias para os efectos do labor de dirección e impulso político por canto as que teñen por finalidade a tramitación ante o Pleno da Cámara só terminaron a súa tramitación un 50%.

No Regulamento do Parlamento de Galicia contéplase a figura das **m o c i ó n s** parlamentarias (art. 151) como un instrumento derivado

da tramitación previa dunha interpelación parlamentaria. Trátase, pois, dun debate que terá lugar de xeito exclusivo no Pleno da Cámara e que levará aparelado unha votación final sobre o texto da moción, que se realizará de acordo co establecido polo Regulamento para as proposicións non de lei. Ó longo desta III lexislatura tramitáronse un total de 89 mocións, o que indica que unha proporción aproximada ás 2/3 partes das interpelacións substanciadas xeran un debate posterior con votación ó respecto por parte do Pleno da Cámara.

D) Outros procedementos.

Unha última referencia debe facerse a unha serie de actividades parlamentarias que non atopan encadramento na división clásica á que nos vimos axustando ó longo desta exposición. Por unha banda o título IX do Regulamento do Parlamento prevé o control sobre as **disposicións da Xunta con forza de lei**, describindo nos artigos 145 e 146 a tramitación parlamentaria de control da actividade da Xunta no caso de facerse uso da delegación prevista no art. 10.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia. Por unha vez na historia parlamentaria galega deuse esta figura lexislativa en relación coa Lei de taxas e precios públicos de Galicia, procedéndose ó debate do oportuno dictame elaborado pola Comisión de Economía do Parlamento no Pleno da Cámara.

Como é sabido, o art. 35 do EAG prevé a posibilidade de que a Comunidade Autónoma celebre **convenios e acordos de cooperación** con outras comunidades autónomas, se ben establece uns trámites moito máis estrictos para a posible conclusión dos mesmos. Ó longo do ano 1991 tivo lugar a tramitación parlamentaria dun instrumento como o que estamos a referir en relación co Ano Santo 1993.

Por último, cabe subliñar que dentro desta III lexislatura o Parlamento de Galicia non fixo uso da competencia que lle atribúe o art. 10.1, apdo. g), comparecer como parte ante o Tribunal Constitucional nos termos previstos na súa Lei orgánica reguladora.

E) Análise comparativa coa I e II lexislaturas do Parlamento de Galicia.

Son varias as advertencias que deben facerse antes de enfrontar numericamente os datos que reflicten a actividade das distintas lexislaturas do Parlamento de Galicia. En primeiro lugar debe deixarse constancia de que o momento histórico no que ten lugar a actividade do Parlamento condiciona enormemente o exercicio das súas competencias. Non cabe dúbida de que as actividades desenvolvidas polo Parlamento na I lexislatura foron máis referidas ó ámbito da instauración e fortalecemento das institucións de autogoberno e en moito menor medida ás distintas políticas sectoriais, ó atoparnos nun momento inicial no proceso de traspaso de medios humanos e materiais á Xunta de Galicia. Polo contrario, foi nesta III lexislatura cando o nivel de traspasos de competencias acadou un punto máis alto, e en boa lóxica o Parlamento tivo que ocuparse de regular unha serie de atencións sectoriais que con anterioridade ficaban en mans do Goberno central.

Un dato que tampouco debe descoñecerse á hora de avaliala actividade nas distintas lexislaturas é a variación na composición da Cámara. Como é sabido, a I e II lexislaturas estaba composta por un total de 71 deputados, mentres que, froito da Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia, a III lexislatura contou cun total de 75 deputados.

O terceiro aspecto que determinou fortemente a actividade da II lexislatura foi a tramitación exitosa dunha moción de censura, que, á parte do inherente cambio de Goberno, xera unha grande paralización temporal da actividade ordinaria da Cámara.

Por último, debe deixarse constancia dos distintos ritmos de traballo que dentro dunha mesma lexislatura se aprecian, segundo centremos a nosa análise nos primeiros anos dela ou nos últimos períodos de sesións, momentos estes nos que a actividade lexislativa e de control do Parlamento aumenta notablemente.

Os datos globais referidos ós procedementos de información presentan unha intensificación deste aspecto do labor parlamentario. Ó longo da III lexislatura o total de 226 sesións informativas substanciadas nesta

lexislatura duplican por exemplo as que tiveron lugar no curso da II lexislatura e cuadriplanan as da I. De igual xeito, no tocante á tramitación das preguntas parlamentarias, que só admiten a matización de diminuír timidamente en número respecto da II lexislatura nas súas modalidades de preguntas orais en Comisión e con resposta escrita.

Maior interese presenta a clara caída da tramitación das interpelacións parlamentarias que quedan nun total de 143 fronte a 205 que foron substanciadas na I lexislatura. Os procedementos de dirección e impulso político tamén sufriron un acentuado incremento na III lexislatura. Tanto o número de debates xerais coma de plans e programas non ten precedentes na actividade do Parlamento de Galicia, quedando como máis anecdótica a tramitación de comunicacións por parte do executivo.

No referente ás proposicións non de lei, aumentaron significativamente as tramitadas no Pleno da Cámara ata un total de 111 fronte a 99 da II lexislatura e a 74 da I; pero sen dúbida o incremento máis notorio produciuse nas tramitadas en Comisión, que superaron en máis de 150 as da II lexislatura e en máis de 550 as tramitadas na I. Por último, dentro deste grupo de procedementos de dirección e impulso político, hai que deixar constancia do importante aumento das mocións, que duplicaron as tramitadas no seo de cada unha das anteriores lexislaturas.

III.- ACTIVIDADE LEXISLATIVA DA III LEXISLATURA

Como se reflectiu no apartado anterior, o momento histórico en que tivo lugar a III lexislatura (xa producido o traspaso dun importante grupo de materias por parte do Goberno central) determinou que esta lexislatura tivese un forte contido lexislativo no que supón de complemento de normativa básica do Estado por parte da Comunidade Autónoma. A simple constatación do total de leis aprobadas nesta lexislatura (44) dan a entender o enorme peso que a función lexislativa tivo no Parlamento de Galicia neste mandato. Un dato importante é o de que unha grande maioría de textos legais tivo a súa orixe en proxectos provenientes do executivo (39) fronte a un número moi escaso de proposicións orixinadas no seo da Cámara (8). Un dato que pode ser interpretado de distinto xeito é o alto número

de proxectos de lei pendentes de tramitación ó remate desta lexislatura (17), algúns dos cales foron recuperados para a súa presentación no inicio da IV lexislatura.

Deixando a un lado as leis de presupostos xerais da Comunidade Autónoma, faremos un somero repaso anual ca produción lexislativa desta lexislatura, subliñando unicamente as leis que supuxeron unha aportación importante no ordenamento xurídico galego.

No ano **1990**, e debido seguramente ó xa citado carácter inicial da lexislatura, só se tramitou unha lei de carácter presupostario para o aboamento dunha paga que compensase ó persoal ó servizo da Xunta de perda do poder adquisitivo experimentado en 1989.

É sen dúbida en **1991** cando a maquinaria lexislativa empeza a producir os seus primeiros froitos coa aprobación de leis tan relevantes no ordenamento xurídico galego como a Lei 6/1991, de infracción en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros; a Lei 7/1991, de tributación sobre o xogo; a Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social; e a Lei 13/1991 de taxas, precios e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma. Neste mesmo ano producíronse leis que teñen por obxecto a modificación de aspectos puntuais doutras anteriores. Entre estas subliñamos a Lei 4/1991, de reforma da Lei 4/1988, da función pública de Galicia; a Lei 2/1991, de modificación da Lei 4/1989, pola que se crea o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais; a Lei 8/1991, que reforma a Lei 1/1989, do Servizo Galego de Saúde, ou a Lei 11/1991, de reforma da Lei 7/1983, de réxime das fundacións de interese galego.

No ano **1992** primou a aprobación de leis de novo cuño, entre as que destacan, pola súa posición preeminente dentro do sistema xurídico galego, a Lei 5/1992, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica; a Lei 7/1992, de pesca fluvial; a Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia; e a reforma da Lei 15/1992, de eleccións ó Parlamento de Galicia.

No ano de remate desta III lexislatura, **1993**, o Parlamento de Galicia prestou a súa aprobación, entre outras, a leis como a 3/1993, das parcerías

e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia; a Lei 4/1993, de servicios sociais; a Lei 6/1993, de pesca de Galicia (recorrida polo Goberno central ante o Tribunal Constitucional); a Lei 8/1993, reguladora da Administración hidráulica de Galicia; e a Lei 12/1993, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

A) Análise comparativa coa I e II lexislaturas do Parlamento de Galicia.

Unha simple comparación de datos absolutos referidos ás leis aprobadas nas lexislaturas anteriores presentan un balance positivo a favor desta última. En efecto, as 44 leis aprobadas no período 1989-1993 superaron amplamente ás 36 que lograron ser aprobadas en cada lexislatura anterior.

Un dato interesante é o da pequena porcentaxe de proposicións de lei aprobadas (8) en relación ó total de proxectos que completaron a súa tramitación parlamentaria (39). Esta proporción vén a reflectir aquela doutrina que defende que na actualidade a iniciativa lexislativa con éxito é sempre a do Goberno. Nesta mesma orde de cousas podemos lembrar que os datos da I e II lexislaturas son moi parellos ós da lexislatura obxecto da análise.

Unha nota común á produción lexislativa no Parlamento de Galicia é a concentración temporal na aprobación de leis. Facemos referencia con esta expresión ó fenómeno producido nos últimos períodos de sesións de cada lexislatura, polo cal nestes períodos é nos que un número maior de leis resultan aprobadas. Este fenómeno é facilmente observable comparando as iniciativas aprobadas nos anos 84 e 85, 88 e 89, e 92 e 93.

Unha última observación debe facerse acerca da crecente importancia que acadan as leis de reforma das aprobadas en anteriores lexislaturas. Como xa se indicou anteriormente unha parte moi importante das actividades lexislativas nesta III lexislatura teñen por obxecto a reforma de textos legais anteriores. Esta mecánica non é estraña noutros sistemas parlamentarios pero preséntase certamente acentuada no noso, quizás pola existencia dun período lexislativo, 1987-1989, no cal o Goberno tivo unha composición política distinta á do resto das lexislaturas.

B) Análise comparativa con outras comunidades autónomas distintas. Un ano orientativo (1992).

Procederemos por último a apuntar someramente como se produciu o comportamento lexislativo do Parlamento de Galicia en relación coa actividade das Cámaras do Estado español, tomando para isto como referencia un ano central na lexislatura como foi o de 1992.

Se ben, como é coñecido, o criterio cuantitativo non se presenta como máis válido para os efectos de avalia-la actividade lexislativa dunha Cámara, si cabe referi-los datos globais de textos aprobados para facerse unha composición de lugar acerca do crecemento dos distintos ordenamentos xurídicos autonómicos. Pois ben, nesta orde de cousas, e deixando a un lado o caso especial constituído pola Comunidade Autónoma de Navarra, o Parlamento de Galicia foi o que acadou unha meirande produción lexislativa (15 leis) no ano que tomamos como referencia para a nosa análise; tan só as Comunidades de Aragón e Canarias presentan uns datos comparables ós da nosa Comunidade Autónoma.

Maior interese ten, ó noso criterio, o de examina-lo contido dos distintos apartados neste período temporal. Isto é así porque servirá unha vez máis para contrastar o coñecido fenómeno de trasposición nos distintos ordenamentos autonómicos de leis creadas por outros. Deste xeito, a Lei 2/92, do 17 de marzo, de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Comunidade Autónoma como modificación do incremento retributivo da Lei 15/92, do 28 de decembro, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 2.380 mil de pesetas ó vixente presuposto de gastos, para facer efectivas ditas medidas, é unha norma dun contido moi semellante ó da Comunidade de Aragón, obxecto da Lei 13/1992, do 19 de decembro, sobre actualización das retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma de Aragón no exercicio de 1992, e tamén da Lei 7/1992, da Comunidade de Cantabria de incremento das retribucións do persoal ó servizo da Deputación Rexional de Cantabria e concesión dunha paga de compensación.

Outros textos autonómicos que encontran parangón ó longo deste ano 1992 é a Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía

locais, posto que a Comunidade Autónoma de Madrid aprobou con data 8 de xullo do mesmo ano unha Lei sobre a mesma materia.

En ausencia dunha lei marco reguladora da ordenación do sector turístico as Comunidades Autónomas procederon neste ano a legislar en materia sancionadora no tocantes ó sector económico citado. Deste xeito aprobouse a Lei 6/1992, do 15 de xuño, de disciplina turística que encontra as súas homónimas na Comunidade Autónoma de Cantabria (Lei 1/1992, do 11 de febreiro) e en Castilla-La Mancha (Lei 2/92, do 10 de decembro).

Outro dos sectores normativos nos que neste mesmo ano se coincidiu á hora de legislar foi o de pesca fluvial; na Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 7/1992, do 24 de xullo e na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha a Lei 1/1992, do 7 de maio.

Podemos subliñar como a materia de taxas e precios públicos foi referida por dúas Comunidades Autónomas neste ano (Valencia, a través da Lei 3/1992, do 9 de outubro, e Madrid, por medio da Lei 1/1992, do 12 de marzo), aspecto este que xa fóra lexislado no seo do Parlamento de Galicia a través da Lei 13/1991.

Por último tiveron lugar sendas reformas da lexislación electoral na Comunidade Autónoma de Galicia (Lei 15/92, do 30 de decembro) e en Aragón (Lei 4/1992, do 17 de marzo), se ben con motivación e contido distintos, polo claro carácter institucional que a norma entraña.

A N E X O I
**ASUNTOS TRAMITADOS POR LEXISLATURAS
7 primeiros períodos de sesións**

	I LEXISLATURA	II LEXISLATURA	III LEXISLATURA
PROCEDEMENTOS LEXISLATIVOS			
Leis	36	36	44
Proposicións aprobadas	4	7	8
Proxectos aprobados	33	29	39
PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN			
Sesións informativas	57	115	226
Pleno	13	9	34
Comisión	44	106	192
Interpelacións	205	148	143
Preguntas			
Orais pleno	129	161	207
Orais Comisión	355	643	595
Resposta escrita	496	645	609
PROCEDEMENTOS DIRECCIÓN E IMPULSO			
Debates xerais	0	2	3
Debate comunicacións	9	1	1
Debate programas e plans	0	3	6
Proposicións non de lei			
Pleno	75	99	111
Comisión	36	436	579
Mocións	41	41	89
PROCEDEMENTOS ELECTIVOS			
OUTROS			
Investidura	1	1	1
Moción de censura	0	1	0
Cuestión de confianza	0	0	0
Control da lexislación delegada	0	0	2
Convenios e Acordos cooperación	0	0	1

A N E X O I I I
**INICIATIVAS LEGISLATIVAS APROBADAS POLAS
COMUNIDADES AUTÓNOMAS
1992**

	LEIS APROBADAS	PROXECTOS APROBADOS	PROPOSICIÓN S APROBADAS
GALICIA	15	13	3
PAÍS VASCO	8	7	1
CATALUÑA	3	3	0
ANDALUCÍA	5	5	0
ARAGÓN	14	11	3
ASTURIAS	1	1	0
BALEARES	6	4	2
CANARIAS	10	8	2
CANTABRIA	9	7	2
CATILLA-LA MANCHA	3	3	0
CASTILLA-LEÓN	9	9	0
EXTREMADURA	9	9	0
MADRID	8	8	0
MURCIA	4	4	0
NAVARRA	21	19	2
RIOJA	3	3	0
COMUNIDADE DE VALENCIA	7	6	1
